

Ola: Ana, Sara Ch., Xose, Candela, Paula del R., Martina, Hugo, Borja I., Sofía, Gorka, Teresa, Ainhoa, Lucas, Sebastián, Rosaura, Paula A., Pablo, Aldhara, Borja C., Alejandra, Kevin, Noa, Eloy, Yui, Breogán, Andrea, Laura, Mariña, Sara R., Lía e Ángel !!!! Que tal estades pasando estes días? Esta é una situación excepcional, o que quere dicir que non durará para sempre, senón que nunha tempada todo voltará a ser como antes, polo que vos enviamos quilos de ánimo, de bo humor, de compartir e xogar en familia, de ver pelis chulis...de todo aquilo que vos sirva para pasar os días o mellor que poidades.

Nós as profes tamén estamos na casa e non paramos de recordaros; botámosvos moito de menos pero sabemos que pronto voltaremos a estar no cole aprendendo, compartindo e xogando con vós, eso é o que nos da forzas para levar os nosos días de confinamento.

O último día de cole levastes unhas fichas de lingua, lingua e ciencias naturais, ademais do libro de mate para rematar...hoxe escribímosvos para enviarvos algún traballinho máis, por se algúen xa o rematou (ao final deste documento enviamos recomendación para nais e pais con respecto a isto).

Este traballo atópase nos documentos adxuntos do Abalar que enviou a dirección ao correo de mamá ou papá. Son documentos pdf que habería que imprimir do seguinte xeito:

- **LENGUA: “Repaso lectura Everest”...enteiro**
- **LINGUA: “Lingua galega”...as catro fichas de comprensión lectora en galego**
- **MATEMÁTICAS: “Cuadernillo Matemáticas 1º”...ata a páxina 12 (xa que despois veñen sumas con levadas que todavía non traballamos no cole)**
- **CIENCIAS NATURAIS: “ Plan mejora natu soci 1”...só as dúas páxinas nas que se traballan as plantas**
- **LECTURA: “Fichas de lectura”, sobre todo as últimas páxinas, a partir de gue-gui**

**RECURSOS INTERACTIVOS** (recursos online que traballan de xeito lúdico os contidos de 1º)

**CLAN TV**...programación educativa por franxas de idades e materias

**TVG2**...programación educativa en galego

**As plantas**

[http://www.ceiploreto.es/sugerencias/bromera.com/tl\\_files/activitatsdigitals/Natura\\_1c\\_PF/Natura1\\_cas\\_u9\\_p16\\_a2\(3\\_5\)/index.html](http://www.ceiploreto.es/sugerencias/bromera.com/tl_files/activitatsdigitals/Natura_1c_PF/Natura1_cas_u9_p16_a2(3_5)/index.html)

[http://ares.cnice.mec.es/ciengehi/a/01/animaciones/a\\_fa10\\_00.html](http://ares.cnice.mec.es/ciengehi/a/01/animaciones/a_fa10_00.html)

## Os animais (repasso)

[http://www.ceiploreto.es/sugerencias/bromera.com/tl\\_files/activitatsdigitals/Natura\\_1c\\_PF/Natura1\\_cas\\_u8\\_p52\\_a3\(4\\_2\)/index.html](http://www.ceiploreto.es/sugerencias/bromera.com/tl_files/activitatsdigitals/Natura_1c_PF/Natura1_cas_u8_p52_a3(4_2)/index.html)

### INFORMACIÓN PARA NAIS E PAIS

Enviamos este traballo para que os nenos e nenas repasen o que aprendemos durante o que levamos de curso, pero entendemos que poden darse circunstancias de mala ou inexistente conexión a internet ou falta de tinta ou de impresora... polo que enviamos unha serie de recomendacións que podedes facer cos vosos fillos e fillas a falta de recursos tecnolóxicos:

**NOTA:** usaremos folios con liñas (papel pautado), non en branco, xa que todavía necesitan a referencia das pautas para escribir correctamente.

- Escribir e recitar as letras do abecedario.
- Escribir nomes que conteñan algunha das letras do abecedario (por exemplo: escribimos palabras que leven a letra “d”...). Unha variante desta tarefa sería escribir estes nomes ao ditado ( por exemplo: “eu digo unha palabra e tí escribela).
- Escribir oracións con palabras propostas (por exemplo: “vamos a escribir unha oración coa palabra casa...”) ou con dúas palabras (p. ex. “agora escribimos unha soa oración coas palabras casa e familia...”).
- Ditados de oracións breves (todavía non facemos dictados de textos, só de pequenas oracións, p. ex. “Estou aprendendo moito sobre as plantas”). As oracións poden propoñelas eles e elas.
- Escribir unha oración desordenada e os nenos e nenas terán que ordenala (p. ex. “seis Eu teño anos”).
- Realizar debuxos de todas as tarefas anteriores (debuxar as palabras e as oracións propostas).

**NOTA:** Estas tarefas realizaranse en castelán e en galego.

- Sumas e restas sen levadas, como estas:

23	45	67	89
+54	+31	-33	-75

- Escribir e recitar os números do 1 ao 99.

- Escribir e recitar contando de 5 en 5, do 0 ata o 95.
- Escribir e recitar contando de 2 en 2, do 0 ata o 98.
- Escribir e recitar contando de 3 en 3, do 0 ata o 97.

**NOTA:** en primeiro curso, traballamos ata o número 99 , en segundo empezaremos no número 100.

- Redactar pequenos e sinxelos problemas de sumas e restas (p. ex. “ Rosaura ten 5 gominolas e Ana dálle 3 máis, cantas gominolas ten agora Rosaura?” ou “Paula ten 8 chicles e onte comeu 3, cantos chicles lle quedan a Paula?”).
- Ordenar números de maior a menor ou de menor a maior (p. ex. “ordena estes números de maior a menor: 5 – 78 – 32 – 56- 22- 89”).
- Plantar unha semente (garavanzo, faba, lentella...) nun pouco de algodón humedecido e esperar a que xermine, cando isto suceda, transpantala a un bote de iogur cheo de terra e coidala. Observar como vai medrando e que partes ten (semente, raiz, talo, follas). Observar que necesita luz, terra e auga para poder vivir.

**IMPORTANTE:** é importante recordar que se trata dunha situación distinta que non só a nós nos preocupa senón que os vosos fillos e fillas intúen o medo e a preocupación que se vive nos fogares, por iso cremos convinte dicirvos que estas tarefas e materiais poden ser ben aceptadas polos nenos e nenas e poden levarvos a manter unha rutina no voso día a día ou ben poden ser rexeitadas e voltarse difícil a convivencia. O primeiro caso é estupendo, teredes moita sorte se isto é así; no segundo caso, non vos preocupedes, que fagan o que poidan durante estes días, que somos plenamente conscientes de que isto pode suceder; non vos frustredes, estades a facelo moi ben!! Estas tarefas son de repaso dos contidos que xa traballamos na clase polo tanto non están retrocedendo nin quedando atrás.

Os nenos e nenas teñen unha forma distinta de pasar esta situación, xa que eles e elas viven no presente, adaptándose ao que lles rodea, neste caso ás catro paredes da súa casa. Aos maiores cóstanos máis pois tendemos a pensar no futuro...Dicimos isto para que vos tranquilicedes, eles e elas están ben.

Moitísimo ánimo e forza para esta tempada, de todo corazón.

Recibide un enorme abrazo virtual da nosa parte.

Todo vai sair ben!!!

Marta e Mariña, 23 de marzo de 2020.